

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36016127	IES Plurilingüe Aquis Celenis	Caldas de Reis	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Relixión católica	2º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	5
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	22
4.2. Materiais e recursos didácticos	24
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	24
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	24
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	25
6. Medidas de atención á diversidade	25
7.1. Concreción dos elementos transversais	26
7.2. Actividades complementarias	27
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	28
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	29
9. Outros apartados	29

1. Introducción

Esta programación foi elaborada en coherencia co seguinte marco legal:

Normativa estatal

Ley Orgánica 2/2006 (LOE), de 3 de maio, de Educación.

Ley Orgánica 3/2020 (LOMLOE), de 29 de diciembre, pola que se modifica a actual Lei Orgánica 2/2006 (LOE), de 3 de maio, de Educación.

Real Decreto 984/2021, de 16 de novembro, polo que se regulan a avaliación e a promoción na Educación Primaria, así como a avaliación, a promoción e a titulación na Educación Secundaria Obrigatoria, o Bacharelato e a Formación Profesional.

Real Decreto 243/2022, de 5 de abril, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas del Bacharelato.

Normativa Autonómica

Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Currículo de Relixión Católica

Resolución de 21 de xuño de 2022, da Secretaría de Estado de Educación, pola que se publican os currículos das ensinanzas de relixión católica correspondentes a Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato.

Coa incorporación da materia de Relixión ao currículo de Educación Secundaria Obrigatoria, a lexislación educativa en España é coherente coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948, que recoñece o dereito de todos a un tempo educación integral e o dereito preferente das familias para elixir o tipo de educación que haberá de darse aos seus fillos e fillas. Estes dereitos e liberdades fundamentais están así recoñecidos no Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais de 1966 e a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea do 2000.

A LOMLOE, ademais, no primeiro apartado do seu primeiro artigo, asegurou o cumprimento efectivo dos dereitos da infancia segundo o establecido na Convención sobre os Dereitos do Neno. Son referencias básicas do dereito internacional ratificadas polo Estado español. Cúmrese así o establecido na Constitución española de 1978 no seu Título primeiro sobre dereitos e liberdades fundamentais, no referido á liberdade relixiosa e o dereito á educación.

Neste marco, o ensino da Relixión Católica propónse como materia curricular de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias. Forma parte da proposta educativa necesaria para o pleno desenvolvemento da personalidade do alumnado.

O currículo da materia de Relixión Católica é resultado dun fecundo diálogo da Teoloxía, fonte epistemolóxica que proporciona os saberes básicos esenciais para unha formación integral na escola inspirada na visión cristiá da vida, con outras fontes curriculares, especialmente a psicopedagóxica, que orientan o necesario proceso educativo na Educación Secundaria Obrigatoria. O deseño curricular da materia de Relixión Católica tivo en conta o contexto global que está a vivir a educación nas primeiras décadas do século XXI: dialogou co marco europeo de educación nas súas competencias clave de 2018 e quere integrarse no seu horizonte de 2025, deixouse interpelar pola sensibilidade dos obxectivos de desenvolvemento sostible e a cidadanía global e intercultural, e tivo en conta a oportunidade de reimaxinar os futuros da educación priorizando o aprender a ser e a vivir con outros. Á vez, deixouse afectar polos compromisos do Pacto Educativo Global, promovido pola Igrexa católica, que subliña a centralidade da persoa nos procesos educativos, a escoita das novas xeracións, a acollida de todas as realidades persoais e culturais, a promoción da muller, a responsabilidade da familia, a educación para unha nova política e economía e o coidado da casa común.

Especialmente, o currículo de Relixión Católica ábrese ás iniciativas eclesiais da Misión 4.7, sobre a ecoloxía integral, e do Alto Comisionado para a Fraternidade Humana conformado por diversas relixións para construír a casa común e a paz mundial. Desta maneira, o ensino da relixión católica, mantendo a súa peculiaridade e a esencia do diálogo fe-cultura e fe-razón que a caracterizou na democracia, acolle os signos dos tempos e responde os desafíos da

educación neste século XXI.

A finalidade da Educación Secundaria Obrigatoria consiste en lograr que os alumnos e alumnas adquiren os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico, artístico, científico-tecnolóxico e motor; desenvolver e consolidar os hábitos de estudo e de traballo, así como hábitos de vida saudables, preparándoos para a súa incorporación a estudos posteriores e para a súa inserción laboral; e formalos para o exercicio dos seus dereitos e obrigacións da vida como cidadáns e cidadás.

Coa súa identidade e natureza, a materia de Relixión Católica, en liña cos fins propios da Educación Secundaria Obrigatoria, favorece o proceso educativo do alumnado, contribuíndo á súa formación integral e ao pleno desenvolvemento da súa personalidade. Propón, especificamente, contribuír á maduración do proxecto persoal e profesional, con liberdade e responsabilidade, en diálogo coa antropoloxía cristiá e os seus principios e valores sociais. Responde á necesidade de comprender criticamente e mellorar creativamente nosa tradición cultural, as súas expresións e significado, en contextos plurais e diversos. E complementa a necesaria educación en valores humanos e cristiáns que orienta o despregamento do proxecto vital que aspira á súa realización persoal e á súa inserción social nos ámbitos propios da vida adulta.

A materia de Relixión Católica na escola caracterízase polas súas contribucións educativas expostas en liña cos obxectivos, fins e principios xerais e pedagóxicos do conxunto da etapa, tamén coas competencias clave. Coas aprendizaxes do currículo, inspirados na antropoloxía cristiá, enriquecese o proceso formativo do alumnado, se así o elixiron as súas familias: accédese a aprendizaxes culturais propios da tradición relixiosa e da contorna familiar que contribúen a madurar a identidade persoal; a aprendizaxes de hábitos e valores, necesarios para a vida individual e social; e a aprendizaxes vitais que dan sentido humano e cristián á vida e forman parte do necesario crecemento interior.

Estas achegas do currículo de Relixión Católica, á luz da mensaxe cristiá, responden a un compromiso de promoción humana coa inclusión de todos, fortalecen o poder transformador da escola e supoñen unha contribución propia ao perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico.

A estrutura do currículo de Relixión Católica intégrase no marco curricular da LOMLOE e é análoga ás das outras áreas e materias escolares, contribuíndo como estas a o desenvolvemento das competencias clave a través dunha achega específica. É un currículo aberto e flexible para facilitar a súa programación nas diferentes contornas e centros educativos.

A presente programación adáptase ao ritmo e necesidades do momento evolutivo no que se atopa o alumnado, mantendo a coherencia na secuenciación dos contidos, a metodoloxía e as claves pedagóxicas para a etapa.

De acordo co modelo competencial establecido pola LOMLOE, esta programación céntrase no desenvolvemento práctico de habilidades e competencias fundamentais tanto para o progreso persoal do alumnado como para a súa participación activa na sociedade.

Todos os elementos que constitúen o proceso de Aprendizaxe competencial intégranse en situacións de aprendizaxe. Estas situacións contextualizadas implican a posta en práctica, de forma integrada, de competencias e saberes, a través dun problema motivador, relevante e significativo.

Os docentes da materia de Relixión Católica propoñemos situacións de aprendizaxe estimulantes, significativas e integradoras, contextualizadas e respectuosas co proceso de desenvolvemento integral do alumnado en todas as súas dimensións. Estas situacións de aprendizaxe terán unha formulación precisa das aprendizaxes esenciais da materia de Relixión Católica que se esperan conseguir. Estas situacións presentarán retos ou problemas cunha complexidade coherente co desenvolvemento do alumnado, cuxa resolución implique a realización de distintas actividades e a mobilización das aprendizaxes que se buscan para a creación dun produto ou a resolución dunha acción; favorecerán a transferencia das aprendizaxes adquiridas na materia de Relixión a contextos da realidade cotiá do alumnado, en función do seu progreso madurativo. Búscase contribuír ao diálogo, ao pensamento creativo e crítico, así como á inclusión, a sustentabilidade e a cidadanía global.

As situacións de aprendizaxe na materia de Relixión Católica teñen en conta os centros de interese do alumnado e posibilitan a mobilización coherente e eficaz dos distintos coñecementos, destrezas, actitudes e valores propios desta materia.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Identificar, valorar e expresar os elementos crave da dignidade e identidade persoal a través da interpretación de biografías significativas, para asumir a propia dignidade e aceptar a identidade persoal, respectar a dos outros, e desenvolver con liberdade un proxecto de vida con sentido.	1-3			1-4	1-2-4-5		2-3	3
OBX2 - Valorar a condición relacional do ser humano, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais orientadas á xustiza e á mellora da convivencia tendo en conta o maxisterio social da Igrexa, para aprender a vivir con outros e contribuír á fraternidade universal e a sustentabilidade do planeta.	2-5	3	5	3	3	1-2-4	1	
OBX3 - Asumir os desafíos da humanidade desde unha perspectiva inclusiva recoñecendo as necesidades individuais e sociais, discerníndoos coas claves do ¿Reino de Deus¿, para implicarse persoal e profesionalmente na transformación social e o logro do ben común.	1-5		3	1	3	3-4	1	3
OBX4 - Interpretar e admirar o patrimonio cultural nas súas diferentes expresións, recoñecendo que son portadoras de identidades e sentido, apreciando como o cristianismo se ha encarnado en manifestacións diversas, para desenvolver sentido de pertenza, participar na construción da convivencia e promover o diálogo intercultural no marco dos dereitos humanos.	4	3		2-3		3		1-2-4
OBX5 - Recoñecer e apreciar a propia interioridade, a experiencia espiritual e relixiosa, presente en todas as culturas e sociedades, comprendendo a experiencia de personaxes relevantes e valorando as posibilidades do relixioso, para discernir posibles respostas ás preguntas sobre o sentido da vida, e favorecer o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas.	1				1-3-5	3	2	1-3
OBX6 - Identificar e comprender os contidos esenciais da Teoloxía cristiá, contemplando e valorando a contribución da tradición cristiá á procura da verdade, para dispoñer dunha síntese do cristianismo que permita dialogar con outras tradicións, paradigmas e cosmovisións.	2-3		4	1	4-5	1-4	3	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Son especial.	A experiencia e a certeza de sentirse querido é esencial na construción persoal. Esta situación de aprendizaxe pretende que o alumnado identifique, recoñeza e valore na creación e nos demais a expresión, para os cristiáns do amor de Deus.	15	5	X		
2	Teño un bó equipo.	Esta situación de aprendizaxe pode axudar ao alumnado a descubrir que para coñecernos e medrar son necesarios os demais. É importante que o alumnado reflexione sobre o que se experimenta en soidade.	10	4	X		
3	Viaxe ao interior de min.	Esta situación de aprendizaxe pretende que o alumnado descubra que dentro del hai unha vida interior preciosa por descubrir. Pódeselles presentar como a viaxe interior de cada persoa. Canto máis nos coñecemos, máis sacaremos o mellor de nós mesmos. As persoas somos un todo, o externo e o interno.	10	4	X		
4	Son único e irrepetible.	Esta situación de aprendizaxe pretende que os alumnado descubra que cada persoa é única e irrepetible. Cada persoa, aínda que diferente ten a súa propia riqueza e singularidade, desta forma daranse conta de que son un valor en si mesmos.	15	4		X	
5	Non son.	Esta situación de aprendizaxe convida ao alumnado a comprender que non somos illas, que estamos rodeados de persoas e non todas son iguais. Cada unha é diferente, cada unha ten os seus propios gustos ou formas de pensar. Tamén descubrimos persoas que se senten excluídas ou afastadas da sociedade, vivindo nela, pero sen telas en conta. É importante que o alumnado sexa consciente e descubra que todas as persoas teñen que contar dentro da sociedade.	10	4		X	
6	Son para todos.	Esta situación de aprendizaxe vaise centrar na capacidade que temos de axudar aos demais e como todas as persoas somos necesarias. As persoas pensamos que sen axuda non poderíamos subsistir, con todo, podemos achegar moito á sociedade, xa sexa a nosa familia, colexio, barrio ou cidade.	10	4		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	Somos distintos.	Esta situación de aprendizaxe convida a descubrir a beleza que hai nas outras persoas que son diferentes a nós. O que nos poden achegan e o que podemos sumar todos xuntos á sociedade.	15	5			X
8	O noso contrasinal.	Nesta situación de aprendizaxe o que se pretende é que o alumnado descubra de onde veñen as diferentes opinións, quen crea as cousas que nós adoitamos repetir. No fondo, que o alumnado descubra de onde saca as opinións, que valor lle dá ao que oe ou ve en diferentes ambientes.	15	5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Son especial.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Describir e aceptar os trazos e dimensións fundamentais da identidade persoal, analizando relatos bíblicos de vocación e misión, así como outras biografías significativas.	Describe os trazos fundamentais que debe ter a identidade persoal. Asume e comprende os trazos e dimensións fundamentais da identidade persoal. Toma consciencia dos trazos e dimensións da identidade persoal. Descobre en diversas situacións vitais de todas as dimensións humanas.		
CA1.2 - Identificar as características da visión bíblica sobre o ser humano, relacionándoa coa dignidade persoal, recoñecéndoa nos outros.	Determina as características da visión bíblica sobre o ser humano. Relaciona a dignidade persoal coa visión bíblica do ser humano. Respecta e recoñece a dignidade persoal de todos os seres humanos. Aprecia a dignidade da persoa relacionándoa coa visión cristiá da persoa e da vida.	TI	100
CA1.3 - Adquirir habilidades e actitudes de relación con outros, poñendo en práctica estratexias efectivas de reflexión e de comunicación, de axuda mutua, de participación e de inclusión, orientadas á mellora da convivencia na familia e na escola como expresión da fraternidade universal.	Alcanza habilidades e actitudes de relación con outros. Dispón de estratexias sociais efectivas de reflexión, de comunicación e de inclusión. Sitúa estratexias efectivas de axuda mutua e de participación nas súas relacións sociais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Desenvolver empatía e recoñecemento da diversidade persoal e social, inspirándose no ser relacional de Deus, manifestado na historia da salvación.	Mostra empatía da diversidade persoal e social. Recoñece a diversidade persoal e social. Toma en conta a historia da salvación como modelo de ser relacional. Descobre que o ser humano é un ser relacional a exemplo do ser relacional de Deus.		
CA1.6 - Analizar as necesidades sociais, identificando as situacións de inxustiza, violencia e discriminación, coas súas causas, discerníndoas segundo o proxecto do Reino de Deus, implicándose en propostas de transformación social.	Contempla os desafíos da humanidade identificando as situacións de violencia e discriminación. Considera as necesidades sociais, identificando as situacións de inxustiza. Identifica situacións de inxustiza, violencia e discriminación. Implícase en propostas de transformación social.		
CA1.7 - Situar e interpretar as expresións culturais e as súas linguaxes nos seus contextos históricos, apreciando a súa contribución á identidade persoal e social e aos Dereitos Humanos, facilitando a convivencia e o diálogo intercultural.	Comprende o valor do patrimonio cultural. Interpreta as expresións culturais. Recoñece a importancia das expresións culturais á defensa dos Dereitos Humanos e da identidade persoal. Confirma a importancia de interpretar as expresións culturais para a convivencia e o diálogo intercultural.		
CA1.8 - Razoar como a fe cristiá, no presente e ao longo da historia, fíxose cultura, interpretando o patrimonio literario, artístico e cultural e valorándoo como expresión da encarnación da mensaxe cristiá en diferentes linguaxes.	Descobre a importancia da fe cristiá no presente e ao longo da historia. Expresa a importancia da fe cristiá no desenvolvemento da cultura. É capaz de interpretar o patrimonio literario, artístico e cultural desde a fe cristiá. Toma consciencia da importancia da presenza da fe cristiá na cultura.		
CA1.9 - Valorar a experiencia espiritual e relixiosa como dimensión humana e social propia de todos os pobos e culturas, coñecendo a especificidade da espiritualidade xudeocristiana e doutras relixións.	Recoñece a experiencia espiritual e relixiosa como dimensión humana e social. Aprecia en todos os pobos e culturas as súas experiencias espirituais e relixiosas. Explica e coñece a espiritualidade xudeocristiana. Considera a experiencia espiritual e relixiosa presente noutras relixións.		
CA1.10 - Respetar as diferentes igrexas e tradicións relixiosas, coñecendo e valorando as crenzas, ritos, símbolos e principios de cada unha delas, tendo elementos de xuízo persoal que favorezan o diálogo interrelixioso.	Respecta as diferentes igrexas e tradicións relixiosas. Mostra curiosidade e aprecio cara ás crenzas, símbolos e ritos das igrexas e tradicións relixiosas. Comprende as diferentes confesións relixiosas. Valora as posibilidades do relixioso e a dimensión espiritual propia da natureza humana.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida.
- Trazos e dimensións fundamentais da vida humana en relación coa visión cristiá da persoa.
- A espiritualidade e a experiencia relixiosa como realización humana e social. A súa relación cos sacramentos.
- Aprecio da oración e a contemplación na tradición xudeocristiana e outras relixións como encontro coa bondade, a verdade e a beleza e posibilidade para o diálogo intercultural e interrelixioso.
- Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural.
- As claves bíblicas de Alianza, Pobo, e Historia na comprensión da dimensión creatural e relacional da persoa e as súas consecuencias.
- Comprensión dos símbolos e as celebracións da liturxia cristiá, dos sacramentos e da súa teoloxía.
- Estratexias de análises de obras de contido relixioso en distintas linguaxes, apreciando a achega do cristianismo á cultura.
- Corresponsables no coidado das persoas e do planeta.
- Xesucristo e a súa relación cos grupos sociais e relixiosos da época, e a súa opción preferente polas persoas máis desfavorecidas.
- Dinámicas persoais e sociais que dificultan ou impiden a construción do ben común, á luz do Evanxeo e da Tradición cristiá.
- As diversas igrexas e comunidades cristiás coas súas propostas éticas para a vida en sociedade.
- A valoración positiva da Igrexa cara á diversidade relixiosa e as súas expresións.
- Situacións próximas de inxustiza e exclusión analizadas criticamente desde o maxisterio social da Igrexa.

UD	Título da UD	Duración
2	Teño un bó equipo.	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Describir e aceptar os trazos e dimensións fundamentais da identidade persoal, analizando relatos bíblicos de vocación e misión, así como outras biografías significativas.	Describe os trazos fundamentais que debe ter a identidade persoal. Asume e comprende os trazos e dimensións fundamentais da identidade persoal. Toma consciencia dos trazos e dimensións da identidade persoal.	TI	100
CA1.2 - Identificar as características da visión bíblica sobre o ser humano, relacionándoa coa dignidade persoal, recoñecéndoa nos outros.	Determina as características da visión bíblica sobre o ser humano. Relaciona a dignidade persoal coa visión bíblica do ser humano. Respecta e recoñece a dignidade persoal de todos os seres humanos. Aprecia a dignidade da persoa relacionándoa coa visión cristiá da persoa e da vida.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Adquirir habilidades e actitudes de relación con outros, poñendo en práctica estratexias efectivas de reflexión e de comunicación, de axuda mutua, de participación e de inclusión, orientadas á mellora da convivencia na familia e na escola como expresión da fraternidade universal.	Alcanza habilidades e actitudes de relación con outros. Dispón de estratexias sociais efectivas de reflexión, de comunicación e de inclusión. Sitúa estratexias efectivas de axuda mutua e de participación nas súas relacións sociais. Mellora as habilidades e actitudes na familia e na escola.		
CA1.4 - Desenvolver empatía e recoñecemento da diversidade persoal e social, inspirándose no ser relacional de Deus, manifestado na historia da salvación.	Mostra empatía da diversidade persoal e social. Recoñece a diversidade persoal e social. Toma en conta a historia da salvación como modelo de ser relacional. Descobre que o ser humano é un ser relacional a exemplo do ser relacional de Deus.		
CA1.5 - Xerar actitudes de xustiza e solidariedade, respectando a diversidade e tomando conciencia da responsabilidade compartida e a común pertenza, no horizonte do Reino de Deus.	Promove e participa en accións e actitudes de xustiza e solidariedade. Toma conciencia e respecto a toda a diversidade das persoas desde unha perspectiva inclusiva. É consciente da responsabilidade compartida de xustiza. Defende a xustiza e solidariedade a toda a humanidade.		
CA1.11 - Identificar a Xesucristo como núcleo esencial do cristianismo, e a Biblia como libro do Pobo de Deus, valorando as súas achegas á vida das persoas e as sociedades.	Recoñece na persoa de Xesús o núcleo esencial do cristianismo. Identifica como piar esencial do cristianismo á Biblia. Identifica a Biblia como libro do Pobo de Deus. Valora as achegas da Biblia á vida das persoas e as sociedades.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Trazos e dimensións fundamentais da vida humana en relación coa visión cristiá da persoa. - Relacións fundamentais da persoa: consigo mesma, cos demais, coa natureza e con Deus. - Relatos bíblicos e biografías sobre vocación e misión. - Habilidades e actitudes de escoita, empatía e expresión asertiva para unha comunicación interpersonal. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - As claves bíblicas de Alianza, Pobo, e Historia na comprensión da dimensión creatural e relacional da persoa e as súas consecuencias. - Xesucristo, revelación plena de Deus e acontecemento e salvación para a humanidade.

Contidos

- A proposta ética e relixiosa do Reino de Deus en sociedades plurais.
- Corresponsables no coidado das persoas e do planeta.
- Xesucristo e a súa relación cos grupos sociais e relixiosos da época, e a súa opción preferente polas persoas máis desfavorecidas.
- As diversas igrexas e comunidades cristiás coas súas propostas éticas para a vida en sociedade.

UD	Título da UD	Duración
3	Viaxe ao interior de min.	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Describir e aceptar os trazos e dimensións fundamentais da identidade persoal, analizando relatos bíblicos de vocación e misión, así como outras biografías significativas.	Describe os trazos fundamentais que debe ter a identidade persoal. Asume e comprende os trazos e dimensións fundamentais da identidade persoal. Toma consciencia dos trazos e dimensións da identidade persoal.	TI	100
CA1.2 - Identificar as características da visión bíblica sobre o ser humano, relacionándoa coa dignidade persoal, recoñecéndoa nos outros.	Determina as características da visión bíblica sobre o ser humano. Relaciona a dignidade persoal coa visión bíblica do ser humano. Respecta e recoñece a dignidade persoal de todos os seres humanos. Aprecia a dignidade da persoa relacionándoa coa visión cristiá da persoa e da vida.		
CA1.3 - Adquirir habilidades e actitudes de relación con outros, poñendo en práctica estratexias efectivas de reflexión e de comunicación, de axuda mutua, de participación e de inclusión, orientadas á mellora da convivencia na familia e na escola como expresión da fraternidade universal.	Alcanza habilidades e actitudes de relación con outros. Dispón de estratexias sociais efectivas de reflexión, de comunicación e de inclusión. Sitúa estratexias efectivas de axuda mutua e de participación nas súas relacións sociais.		
CA1.7 - Situar e interpretar as expresións culturais e as súas linguaxes nos seus contextos históricos, apreciando a súa contribución á identidade persoal e social e aos Dereitos Humanos, facilitando a convivencia e o diálogo intercultural.	Comprende o valor do patrimonio cultural. Interpreta as expresións culturais. Recoñece a importancia das expresións culturais á defensa dos Dereitos Humanos e da identidade persoal. Confirma a importancia de interpretar as expresións culturais para a convivencia e o diálogo intercultural.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.9 - Valorar a experiencia espiritual e relixiosa como dimensión humana e social propia de todos os pobos e culturas, coñecendo a especificidade da espiritualidade xudeocristiana e doutras relixións.	Recoñece a experiencia espiritual e relixiosa como dimensión humana e social. Aprecia en todos os pobos e culturas as súas experiencias espirituais e relixiosas. Explica e coñece a espiritualidade xudeocristiana. Considera a experiencia espiritual e relixiosa presente noutras relixións.		
CA1.10 - Respetar as diferentes igrexas e tradicións relixiosas, coñecendo e valorando as crenzas, ritos, símbolos e principios de cada unha delas, tendo elementos de xuízo persoal que favorezan o diálogo interrelixioso.	Respecta as diferentes igrexas e tradicións relixiosas. Mostra curiosidade e aprecio cara ás crenzas, símbolos e ritos das igrexas e tradicións relixiosas. Comprende as diferentes confesións relixiosas. Valora as posibilidades do relixioso e a dimensión espiritual propia da natureza humana.		
CA1.11 - Identificar a Xesucristo como núcleo esencial do cristianismo, e a Biblia como libro do Pobo de Deus, valorando as súas achegas á vida das persoas e as sociedades.	Recoñece na persoa de Xesús o núcleo esencial do cristianismo. Identifica como pilar esencial do cristianismo á Biblia. Identifica a Biblia como libro do Pobo de Deus. Valora as achegas da Biblia á vida das persoas e as sociedades.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Trazos e dimensións fundamentais da vida humana en relación coa visión cristiá da persoa. - Relatos bíblicos e biografías sobre vocación e misión. - Habilidades e actitudes de escoita, empatía e expresión asertiva para unha comunicación interpersonal. - A espiritualidade e a experiencia relixiosa como realización humana e social. A súa relación cos sacramentos. - Aprecio da oración e a contemplación na tradición xudeocristiana e outras relixións como encontro coa bondade, a verdade e a beleza e a posibilidade para o diálogo intercultural e interrelixioso. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - A Biblia, Palabra de Deus en palabras humanas que narra a relación entre Deus e o seu Pobo, a súa composición e xéneros literarios. - Xesucristo, revelación plena de Deus e acontecemento e salvación para a humanidade. - María, Nai de Xesús e Nai da Igrexa, testemuña da fe. - Estratexias de análises de obras de contido relixioso en distintas linguaxes, apreciando a achega do cristianismo á cultura. - Corresponsables no coidado das persoas e do planeta.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As diversas igrexas e comunidades cristiás coas súas propostas éticas para a vida en sociedade. - A valoración positiva da Igrexa cara á diversidade relixiosa e as súas expresións. - Proxectos sociais da Igrexa ao longo da súa historia e a súa achega á inclusión social e á ecoloxía integral.

UD	Título da UD	Duración
4	Son único e irrepertible.	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Describir e aceptar os trazos e dimensións fundamentais da identidade persoal, analizando relatos bíblicos de vocación e misión, así como outras biografías significativas.	Describe os trazos fundamentais que debe ter a identidade persoal. Asume e comprende os trazos e dimensións fundamentais da identidade persoal. Toma consciencia dos trazos e dimensións da identidade persoal.	TI	100
CA1.2 - Identificar as características da visión bíblica sobre o ser humano, relacionándoa coa dignidade persoal, recoñecéndoa nos outros.	Determina as características da visión bíblica sobre o ser humano. Relaciona a dignidade persoal coa visión bíblica do ser humano. Respecta e recoñece a dignidade persoal de todos os seres humanos. Aprecia a dignidade da persoa relacionándoa coa visión cristiá da persoa e da vida.		
CA1.3 - Adquirir habilidades e actitudes de relación con outros, poñendo en práctica estratexias efectivas de reflexión e de comunicación, de axuda mutua, de participación e de inclusión, orientadas á mellora da convivencia na familia e na escola como expresión da fraternidade universal.	Alcanza habilidades e actitudes de relación con outros. Dispón de estratexias sociais efectivas de reflexión, de comunicación e de inclusión. Sitúa estratexias efectivas de axuda mutua e de participación nas súas relacións sociais.		
CA1.4 - Desenvolver empatía e recoñecemento da diversidade persoal e social, inspirándose no ser relacional de Deus, manifestado na historia da salvación.	Mostra empatía da diversidade persoal e social. Recoñece a diversidade persoal e social. Toma en conta a historia da salvación como modelo de ser relacional. Descobre que o ser humano é un ser relacional a exemplo do ser relacional de Deus.		
CA1.5 - Xerar actitudes de xustiza e solidariedade, respectando a diversidade e tomando conciencia da responsabilidade compartida e a común pertenza, no horizonte do Reino de Deus.	Promove e participa en accións e actitudes de xustiza e solidariedade. Toma consciencia e respecto a toda a diversidade das persoas desde unha perspectiva inclusiva. É consciente da responsabilidade compartida de xustiza.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.10 - Respetar as diferentes igrexas e tradicións relixiosas, coñecendo e valorando as crenzas, ritos, símbolos e principios de cada unha delas, tendo elementos de xuízo persoal que favorezan o diálogo interrelixioso.	Respecta as diferentes igrexas e tradicións relixiosas. Mostra curiosidade e aprecio cara ás crenzas, símbolos e ritos das igrexas e tradicións relixiosas. Comprende as diferentes confesións relixiosas. Valora as posibilidades do relixioso e a dimensión espiritual propia da natureza humana.		
CA1.11 - Identificar a Xesucristo como núcleo esencial do cristianismo, e a Biblia como libro do Pobo de Deus, valorando as súas achegas á vida das persoas e as sociedades.	Recoñece na persoa de Xesús o núcleo esencial do cristianismo. Identifica como pilar esencial do cristianismo á Biblia. Identifica a Biblia como libro do Pobo de Deus. Valora as achegas da Biblia á vida das persoas e as sociedades.		
CA1.12 - Elaborar unha primeira síntese da fe cristiá, subliñando a súa capacidade para o diálogo entre a fe e a razón, entre a fe e a cultura, mantendo as conviccións propias con pleno respecto ás dos outros.	Iníciase na creación dunha síntese da fe cristiá Adquire capacidade para comezar a dialogar entre a fe e a razón Utiliza a súa capacidade para o diálogo entre a fe e a cultura Mantén as conviccións propias con pleno respecto ás dos outros		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Trazos e dimensións fundamentais da vida humana en relación coa visión cristiá da persoa. - Relacións fundamentais da persoa: consigo mesma, cos demais, coa natureza e con Deus. - Relatos bíblicos e biografías sobre vocación e misión. - Habilidades e actitudes de escoita, empatía e expresión asertiva para unha comunicación interpersonal. - A espiritualidade e a experiencia relixiosa como realización humana e social. A súa relación cos sacramentos. - Aprecio da oración e a contemplación na tradición xudeocristiana e outras relixións como encontro coa bondade, a verdade e a beleza e a posibilidade para o diálogo intercultural e interrelixioso. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - A Biblia, Palavra de Deus en palabras humanas que narra a relación entre Deus e o seu Pobo, a súa composición e xéneros literarios. - As claves bíblicas de Alianza, Pobo, e Historia na comprensión da dimensión creatural e relacional da persoa e as súas consecuencias. - Xesucristo, revelación plena de Deus e acontecemento e salvación para a humanidade. - A proposta ética e relixiosa do Reino de Deus en sociedades plurais.

Contidos

- María, Nai de Xesús e Nai da Iglesia, testemuña da fe.
- Corresponsables no coidado das persoas e do planeta.
- Xesucristo e a súa relación cos grupos sociais e relixiosos da época, e a súa opción preferente polas persoas máis desfavorecidas.
- As diversas igrexas e comunidades cristiás coas súas propostas éticas para a vida en sociedade.

UD	Título da UD	Duración
5	Non son.	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Describir e aceptar os trazos e dimensións fundamentais da identidade persoal, analizando relatos bíblicos de vocación e misión, así como outras biografías significativas.	Describe os trazos fundamentais que debe ter a identidade persoal. Asume e comprende os trazos e dimensións fundamentais da identidade persoal. Toma consciencia dos trazos e dimensións da identidade persoal.		
CA1.3 - Adquirir habilidades e actitudes de relación con outros, poñendo en práctica estratexias efectivas de reflexión e de comunicación, de axuda mutua, de participación e de inclusión, orientadas á mellora da convivencia na familia e na escola como expresión da fraternidade universal.	Alcanza habilidades e actitudes de relación con outros. Dispón de estratexias sociais efectivas de reflexión, de comunicación e de inclusión. Sitúa estratexias efectivas de axuda mutua e de participación nas súas relacións sociais.		
CA1.5 - Xerar actitudes de xustiza e solidariedade, respectando a diversidade e tomando conciencia da responsabilidade compartida e a común pertenza, no horizonte do Reino de Deus.	Promove e participa en accións e actitudes de xustiza e solidariedade. Toma consciencia e respecto a toda a diversidade das persoas desde unha perspectiva inclusiva. É consciente da responsabilidade compartida de xustiza.	TI	100
CA1.6 - Analizar as necesidades sociais, identificando as situacións de inxustiza, violencia e discriminación, coas súas causas, discerníndoas segundo o proxecto do Reino de Deus, implicándose en propostas de transformación social.	Contempla os desafíos da humanidade identificando as situacións de violencia e discriminación. Considera as necesidades sociais, identificando as situacións de inxustiza, violencia e discriminación. Implicase en propostas de transformación social.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Situar e interpretar as expresións culturais e as súas linguaxes nos seus contextos históricos, apreciando a súa contribución á identidade persoal e social e aos Dereitos Humanos, facilitando a convivencia e o diálogo intercultural.	Comprende o valor do patrimonio cultural. Interpreta as expresións culturais. Recoñece a importancia das expresións culturais á defensa dos Dereitos Humanos e da identidade persoal. Confirma a importancia de interpretar as expresións culturais para a convivencia e o diálogo intercultural.		
CA1.11 - Identificar a Xesucristo como núcleo esencial do cristianismo, e a Biblia como libro do Pobo de Deus, valorando as súas achegas á vida das persoas e as sociedades.	Recoñece na persoa de Xesús o núcleo esencial do cristianismo. Identifica como pilar esencial do cristianismo á Biblia. Identifica a Biblia como libro do Pobo de Deus. Valora as achegas da Biblia á vida das persoas e as sociedades.		
CA1.12 - Elaborar unha primeira síntese da fe cristiá, subliñando a súa capacidade para o diálogo entre a fe e a razón, entre a fe e a cultura, mantendo as conviccións propias con pleno respecto ás dos outros.	Iníciase na creación dunha síntese da fe cristiá Adquire capacidade para comezar a dialogar entre a fe e a razón Utiliza a súa capacidade para o diálogo entre a fe e a cultura Mantén as conviccións propias con pleno respecto ás dos outros		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Trazos e dimensións fundamentais da vida humana en relación coa visión cristiá da persoa. - Relacións fundamentais da persoa: consigo mesma, cos demais, coa natureza e con Deus. - Relatos bíblicos e biografías sobre vocación e misión. - Habilidades e actitudes de escoita, empatía e expresión asertiva para unha comunicación interpersonal. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - A Biblia, Palabra de Deus en palabras humanas que narra a relación entre Deus e o seu Pobo, a súa composición e xéneros literarios. - Xesucristo, revelación plena de Deus e acontecemento e salvación para a humanidade. - A proposta ética e relixiosa do Reino de Deus en sociedades plurais. - María, Nai de Xesús e Nai da Igrexa, testemuña da fe. - A experiencia e as crenzas cristiás expresadas no Credo da Igrexa católica. - Comprensión dos símbolos e as celebracións da liturxia cristiá, dos sacramentos e da súa teoloxía. - Estratexias de análises de obras de contido relixioso en distintas linguaxes, apreciando a achega do cristianismo á cultura. - Corresponsables no coidado das persoas e do planeta.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dinámicas persoais e sociais que dificultan ou impiden a construción do ben común, á luz do Evanxeo e da Tradición cristiá. - As diversas igrexas e comunidades cristiás coas súas propostas éticas para a vida en sociedade. - Situacións próximas de inxustiza e exclusión analizadas criticamente desde o maxisterio social da Igrexa.

UD	Título da UD	Duración
6	Son para todos.	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Describir e aceptar os trazos e dimensións fundamentais da identidade persoal, analizando relatos bíblicos de vocación e misión, así como outras biografías significativas.	Describe os trazos fundamentais que debe ter a identidade persoal. Asume e comprende os trazos e dimensións fundamentais da identidade persoal. Toma consciencia dos trazos e dimensións da identidade persoal.	TI	100
CA1.2 - Identificar as características da visión bíblica sobre o ser humano, relacionándoa coa dignidade persoal, recoñecéndoa nos outros.	Determina as características da visión bíblica sobre o ser humano. Relaciona a dignidade persoal coa visión bíblica do ser humano. Respecta e recoñece a dignidade persoal de todos os seres humanos. Aprecia a dignidade da persoa relacionándoa coa visión cristiá da persoa e da vida.		
CA1.3 - Adquirir habilidades e actitudes de relación con outros, poñendo en práctica estratexias efectivas de reflexión e de comunicación, de axuda mutua, de participación e de inclusión, orientadas á mellora da convivencia na familia e na escola como expresión da fraternidade universal.	Alcanza habilidades e actitudes de relación con outros. Dispón de estratexias sociais efectivas de reflexión, de comunicación e de inclusión. Sitúa estratexias efectivas de axuda mutua e de participación nas súas relacións sociais.		
CA1.5 - Xerar actitudes de xustiza e solidariedade, respectando a diversidade e tomando consciencia da responsabilidade compartida e a común pertenza, no horizonte do Reino de Deus.	Promove e participa en accións e actitudes de xustiza e solidariedade. Toma consciencia e respecto a toda a diversidade das persoas desde unha perspectiva inclusiva. É consciente da responsabilidade compartida de xustiza.		
CA1.6 - Analizar as necesidades sociais, identificando as situacións de inxustiza, violencia e discriminación, coas súas causas, discerníndoas segundo o proxecto do Reino de Deus, implicándose en propostas de transformación social.	Contempla os desafíos da humanidade identificando as situacións de violencia e discriminación. Considera as necesidades sociais, identificando as situacións de inxustiza. Identifica situacións de inxustiza, violencia e discriminación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Situar e interpretar as expresións culturais e as súas linguaxes nos seus contextos históricos, apreciando a súa contribución á identidade persoal e social e aos Dereitos Humanos, facilitando a convivencia e o diálogo intercultural.	Comprende o valor do patrimonio cultural. Interpreta as expresións culturais. Recoñece a importancia das expresións culturais á defensa dos Dereitos Humanos e da identidade persoal. Confirma a importancia de interpretar as expresións culturais para a convivencia e o diálogo intercultural.		
CA1.8 - Razoar como a fe cristiá, no presente e ao longo da historia, fíxose cultura, interpretando o patrimonio literario, artístico e cultural e valorándoo como expresión da encarnación da mensaxe cristiá en diferentes linguaxes.	Descobre a importancia da fe cristiá no presente e ao longo da historia. Expresa a importancia da fe cristiá no desenvolvemento da cultura. É capaz de interpretar o patrimonio literario, artístico e cultural desde a fe cristiá.		
CA1.12 - Elaborar unha primeira síntese da fe cristiá, subliñando a súa capacidade para o diálogo entre a fe e a razón, entre a fe e a cultura, mantendo as conviccións propias con pleno respecto ás dos outros.	Iníciase na creación dunha síntese da fe cristiá Adquire capacidade para comezar a dialogar entre a fe e a razón Utiliza a súa capacidade para o diálogo entre a fe e a cultura Mantén as conviccións propias con pleno respecto ás dos outros		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Trazos e dimensións fundamentais da vida humana en relación coa visión cristiá da persoa. - Relacións fundamentais da persoa: consigo mesma, cos demais, coa natureza e con Deus. - Relatos bíblicos e biografías sobre vocación e misión. - Habilidades e actitudes de escoita, empatía e expresión asertiva para unha comunicación interpersonal. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - A proposta ética e relixiosa do Reino de Deus en sociedades plurais. - A experiencia e as crenzas cristiás expresadas no Credo da Igrexa católica. - Comprensión dos símbolos e as celebracións da liturxia cristiá, dos sacramentos e da súa teoloxía. - Estratexias de análises de obras de contido relixioso en distintas linguaxes, apreciando a achega do cristianismo á cultura. - Corresponsables no coidado das persoas e do planeta. - Dinámicas persoais e sociais que dificultan ou impiden a construción do ben común, á luz do Evanxeo e da Tradición cristiá. - As diversas igrexas e comunidades cristiás coas súas propostas éticas para a vida en sociedade. - Situacións próximas de inxustiza e exclusión analizadas criticamente desde o maxisterio social da Igrexa.

UD	Título da UD	Duración
7	Somos distintos.	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Describir e aceptar os trazos e dimensións fundamentais da identidade persoal, analizando relatos bíblicos de vocación e misión, así como outras biografías significativas.	Describe os trazos fundamentais que debe ter a identidade persoal. Asume e comprende os trazos e dimensións fundamentais da identidade persoal. Toma consciencia dos trazos e dimensións da identidade persoal.		
CA1.3 - Adquirir habilidades e actitudes de relación con outros, poñendo en práctica estratexias efectivas de reflexión e de comunicación, de axuda mutua, de participación e de inclusión, orientadas á mellora da convivencia na familia e na escola como expresión da fraternidade universal.	Alcanza habilidades e actitudes de relación con outros. Dispón de estratexias sociais efectivas de reflexión, de comunicación e de inclusión. Sitúa estratexias efectivas de axuda mutua e de participación nas súas relacións sociais.		
CA1.4 - Desenvolver empatía e recoñecemento da diversidade persoal e social, inspirándose no ser relacional de Deus, manifestado na historia da salvación.	Mostra empatía da diversidade persoal e social. Recoñece a diversidade persoal e social. Toma en conta a historia da salvación como modelo de ser relacional. Descobre que o ser humano é un ser relacional a exemplo do ser relacional de Deus.		
CA1.5 - Xerar actitudes de xustiza e solidariedade, respectando a diversidade e tomando conciencia da responsabilidade compartida e a común pertenza, no horizonte do Reino de Deus.	Promove e participa en accións e actitudes de xustiza e solidariedade. Toma consciencia e respecto a toda a diversidade das persoas desde unha perspectiva inclusiva. É consciente da responsabilidade compartida de xustiza.	TI	100
CA1.7 - Situar e interpretar as expresións culturais e as súas linguaxes nos seus contextos históricos, apreciando a súa contribución á identidade persoal e social e aos Dereitos Humanos, facilitando a convivencia e o diálogo intercultural.	Comprende o valor do patrimonio cultural. Interpreta as expresións culturais. Recoñece a importancia das expresións culturais á defensa dos Dereitos Humanos e da identidade persoal. Confirma a importancia de interpretar as expresións culturais para a convivencia e o diálogo intercultural.		
CA1.10 - Respetar as diferentes igrexas e tradicións relixiosas, coñecendo e valorando as crenzas, ritos, símbolos e principios de cada unha delas, tendo elementos de xuízo persoal que favorezan o diálogo interrelixioso.	Respecta as diferentes igrexas e tradicións relixiosas. Mostra curiosidade e aprecio cara ás crenzas, símbolos e ritos das igrexas e tradicións relixiosas. Comprende as diferentes confesións relixiosas. Valora as posibilidades do relixioso e a dimensión espiritual propia da natureza humana.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.11 - Identificar a Xesucristo como núcleo esencial do cristianismo, e a Biblia como libro do Pobo de Deus, valorando as súas achegas á vida das persoas e as sociedades.	Recoñece na persoa de Xesús o núcleo esencial do cristianismo. Identifica como pilar esencial do cristianismo á Biblia. Identifica a Biblia como libro do Pobo de Deus. Valora as achegas da Biblia á vida das persoas e as sociedades.		
CA1.12 - Elaborar unha primeira síntese da fe cristiá, subliñando a súa capacidade para o diálogo entre a fe e a razón, entre a fe e a cultura, mantendo as conviccións propias con pleno respecto ás dos outros.	Iníciase na creación dunha síntese da fe cristiá Adquire capacidade para comezar a dialogar entre a fe e a razón Utiliza a súa capacidade para o diálogo entre a fe e a cultura Mantén as conviccións propias con pleno respecto ás dos outros		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Trazos e dimensións fundamentais da vida humana en relación coa visión cristiá da persoa. - Relacións fundamentais da persoa: consigo mesma, cos demais, coa natureza e con Deus. - Relatos bíblicos e biografías sobre vocación e misión. - Habilidades e actitudes de escoita, empatía e expresión asertiva para unha comunicación interpersoal. - A espiritualidade e a experiencia relixiosa como realización humana e social. A súa relación cos sacramentos. - Aprecio da oración e a contemplación na tradición xudeocristiana e outras relixións como encontro coa bondade, a verdade e a beleza e posibilidade para o diálogo intercultural e interrelixioso. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - A Biblia, Palabra de Deus en palabras humanas que narra a relación entre Deus e o seu Pobo, a súa composición e xéneros literarios. - Xesucristo, revelación plena de Deus e acontecemento e salvación para a humanidade. - A proposta ética e relixiosa do Reino de Deus en sociedades plurais. - María, Nai de Xesús e Nai da Igrexa, testemuña da fe. - Comprensión dos símbolos e as celebracións da liturxia cristiá, dos sacramentos e da súa teoloxía. - Estratexias de análises de obras de contido relixioso en distintas linguaxes, apreciando a achega do cristianismo á cultura. - Corresponsables no coidado das persoas e do planeta. - As diversas igrexas e comunidades cristiás coas súas propostas éticas para a vida en sociedade.

UD	Título da UD	Duración
8	O noso contrasinal.	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Describir e aceptar os trazos e dimensións fundamentais da identidade persoal, analizando relatos bíblicos de vocación e misión, así como outras biografías significativas.	Describe os trazos fundamentais que debe ter a identidade persoal. Asume e comprende os trazos e dimensións fundamentais da identidade persoal. Toma consciencia dos trazos e dimensións da identidade persoal.	TI	100
CA1.3 - Adquirir habilidades e actitudes de relación con outros, poñendo en práctica estratexias efectivas de reflexión e de comunicación, de axuda mutua, de participación e de inclusión, orientadas á mellora da convivencia na familia e na escola como expresión da fraternidade universal.	Alcanza habilidades e actitudes de relación con outros. Dispón de estratexias sociais efectivas de reflexión, de comunicación e de inclusión. Sitúa estratexias efectivas de axuda mutua e de participación nas súas relacións sociais.		
CA1.5 - Xerar actitudes de xustiza e solidariedade, respectando a diversidade e tomando consciencia da responsabilidade compartida e a común pertenza, no horizonte do Reino de Deus.	Promove e participa en accións e actitudes de xustiza e solidariedade. Toma consciencia e respecto a toda a diversidade das persoas desde unha perspectiva inclusiva. É consciente da responsabilidade compartida de xustiza.		
CA1.7 - Situar e interpretar as expresións culturais e as súas linguaxes nos seus contextos históricos, apreciando a súa contribución á identidade persoal e social e aos Dereitos Humanos, facilitando a convivencia e o diálogo intercultural.	Comprende o valor do patrimonio cultural. Interpreta as expresións culturais. Recoñece a importancia das expresións culturais á defensa dos Dereitos Humanos e da identidade persoal. Confirma a importancia de interpretar as expresións culturais para a convivencia e o diálogo intercultural.		
CA1.9 - Valorar a experiencia espiritual e relixiosa como dimensión humana e social propia de todos os pobos e culturas, coñecendo a especificidade da espiritualidade xudeocristiana e doutras relixións.	Recoñece a experiencia espiritual e relixiosa como dimensión humana e social. Aprecia en todos os pobos e culturas as súas experiencias espirituais e relixiosas. Explica e coñece a espiritualidade xudeocristiana. Considera a experiencia espiritual e relixiosa presente noutras relixións.		
CA1.11 - Identificar a Xesucristo como núcleo esencial do cristianismo, e a Biblia como libro do Pobo de Deus, valorando as súas achegas á vida das persoas e as sociedades.	Recoñece na persoa de Xesús o núcleo esencial do cristianismo. Identifica como pilar esencial do cristianismo á Biblia. Identifica a Biblia como libro do Pobo de Deus. Valora as achegas da Biblia á vida das persoas e as sociedades.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.12 - Elaborar unha primeira síntese da fe cristiá, subliñando a súa capacidade para o diálogo entre a fe e a razón, entre a fe e a cultura, mantendo as conviccións propias con pleno respecto ás dos outros.	Iníciase na creación dunha síntese da fe cristiá. Adquire capacidade para comezar a dialogar entre a fe e a razón. Utiliza a súa capacidade para o diálogo entre a fe e a cultura. Mantén as conviccións propias con pleno respecto ás dos outros.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Relacións fundamentais da persoa: consigo mesma, cos demais, coa natureza e con Deus. - Habilidades e actitudes de escoita, empatía e expresión asertiva para unha comunicación interpersoal. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - A Biblia, Palabra de Deus en palabras humanas que narra a relación entre Deus e o seu Pobo, a súa composición e xéneros literarios. - As claves bíblicas de Alianza, Pobo, e Historia na comprensión da dimensión creatural e relacional da persoa e as súas consecuencias. - Xesucristo, revelación plena de Deus e acontecemento e salvación para a humanidade. - A proposta ética e relixiosa do Reino de Deus en sociedades plurais. - María, Nai de Xesús e Nai da Igrexa, testemuña da fe. - A experiencia e as crenzas cristiás expresadas no Credo da Igrexa católica. - Comprensión dos símbolos e as celebracións da liturxia cristiá, dos sacramentos e da súa teoloxía. - Estratexias de análises de obras de contido relixioso en distintas linguaxes, apreciando a achega do cristianismo á cultura. - Corresponsables no coidado das persoas e do planeta. - Xesucristo e a súa relación cos grupos sociais e relixiosos da época, e a súa opción preferente polas persoas máis desfavorecidas. - As diversas igrexas e comunidades cristiás coas súas propostas éticas para a vida en sociedade. - A valoración positiva da Igrexa cara á diversidade relixiosa e as súas expresións.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A adquisición e o desenvolvemento das competencias clave do Perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico, que se concretan nas competencias específicas de cada materia ou ámbito da etapa, veranse favorecidos por metodoloxías didácticas que recoñezan ao alumnado como axente da súa propia aprendizaxe. Para iso é imprescindible a implementación de propostas pedagóxicas que, partindo dos centros de interese dos alumnos e alumnas, permítanlles construír o coñecemento con autonomía e creatividade desde as súas propias aprendizaxes e experiencias. As situacións de aprendizaxe representan unha ferramenta eficaz para integrar os elementos curriculares das distintas materias ou ámbitos mediante tarefas e actividades significativas e relevantes para resolver

problemas de maneira creativa e cooperativa, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión crítica e a responsabilidade.

Para que a adquisición das competencias sexa efectiva, ditas situacións deben estar ben contextualizadas e ser respectuosas coas experiencias do alumnado e as súas diferentes formas de comprender a realidade. Así mesmo, deben estar compostas por tarefas complexas cuxa resolución conleve a construción de novas aprendizaxes. Con estas situacións búscase ofrecer ao alumnado a oportunidade de conectar e aplicar o aprendido en contextos próximos á vida real. Así expostas, as situacións constitúen un compoñente que, aliñado cos principios do Deseño universal para a aprendizaxe, permite aprender a aprender e sentar as bases para a aprendizaxe ao longo da vida, fomentando procesos pedagóxicos flexibles e accesibles que se axusten ás necesidades, as características e os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado.

O deseño destas situacións debe supoñer a transferencia das aprendizaxes adquiridas por parte do alumnado, posibilitando a articulación coherente e eficaz dos distintos coñecementos, destrezas e actitudes propios desta etapa. As situacións deben partir da formulación duns obxectivos claros e precisos que integren diversos saberes básicos. Ademais, deben propoñer tarefas ou actividades que favorezan diferentes tipos de agrupamentos, desde o traballo individual ao traballo en grupos, permitindo que o alumnado asuma responsabilidades persoais e actúe de forma cooperativa na resolución creativa do reto exposto. A súa posta en práctica debe implicar a produción e a interacción verbal e incluír o uso de recursos auténticos en distintos soportes e formatos, tanto analóxicos como dixitais. As situacións de aprendizaxe deben fomentar aspectos relacionados co interese común, a sustentabilidade ou a convivencia democrática, esenciais para que o alumnado sexa capaz de responder con eficacia aos retos do século XXI.

As formulacións metodolóxicas desta materia fundaméntanse, globalmente, na atención personalizada ao alumnado, na diversidade de actividades, estratexias, recursos e outros métodos didácticos; no coidado do desenvolvemento emocional e cognitivo do alumnado respectando o seu ritmo evolutivo; na aprendizaxe individualizada e cooperativa; na relación das aprendizaxes coa contorna, nun enfoque competencial orientado á acción, o emprendemento e a aplicación dos saberes. Será necesario ter en conta as condicións persoais, sociais e culturais de todos os alumnos e alumnas para detectar necesidades específicas e propoñer accións de reforzo ou ampliación, flexibilizando os procesos e garantindo a inclusión de todo o alumnado. A avaliación compréndese como parte deste proceso de ensino e aprendizaxe. A materia de Relixión Católica confire unha insubstituíble responsabilidade á figura do docente cuxa intervención é esencial na xestión do proceso de ensino, tanto na súa programación como no seu desenvolvemento e avaliación.

A didáctica da materia de Relixión Católica exposta en termos dun currículo competencial haberá de promover o protagonismo do alumnado no seu propio proceso de aprendizaxe. Algúns dos pasos para seguir nas secuencias de aprendizaxe son:

- Partir da experiencia concreta do alumno e a alumna, e da súa realidade persoal, familiar, social e cultural;
- Identificar e formular con pensamento crítico os interrogantes e cuestións que suscitan estas situacións;
- Buscar, analizar e contrastar as experiencias e interrogantes, con fontes bíblicas, o Maxisterio eclesial, o patrimonio artístico, e outras referencias do diálogo fe-cultura;
- Elaborar respostas persoais e sociais desde a liberdade individual con pleno respecto ás ideas dos demais, contrastadas cos principios do ensino social da Igrexa;
- Dialogar con outras cosmovisións e relixións, para a construción da vida en sociedades plurais e democráticas baseadas no ben común;
- Comunicar con asertividade e empatía as ideas e crenzas propias utilizando con creatividade diversas linguaxes;
- Aplicar este proceso formativo na construción da identidade persoal e do proxecto vital como preparación para a aprendizaxe para toda a vida, e na transformación social.

A diversidade de metodoloxías activas que se poden aplicar haberán de ter en conta os pasos deste itinerario pedagóxico e as competencias específicas, os criterios de avaliación e os saberes básicos, é dicir, as aprendizaxes esenciais desta materia. As orientacións metodolóxicas e para a avaliación programadas harmonizarán de forma coherente estas aprendizaxes que se propoñen na materia de Relixión Católica, as necesidades propias do alumnado, e os obxectivos de etapa e o perfil de saída.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais
Recursos materiais
Recursos tecnolóxicos
Recursos dixitais
Recursos espaciais

Recursos persoais: Formado por todos os profesionais do centro educativo, dende o profesorado da asignatura ata o profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden no noso labor como docentes.

Recursos materiais: . Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), plastilina e outras pastas para modelar, maquetas, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta.

Recursos tecnolóxicos Ordenadores, robots educativos, encerados dixitais, proxectores, tabletas...

Recursos dixitais: Plataforma Edixgal xa que é unha opción do Centro, enciclopedias online, app para xerar mapas mentais, vídeos educativos, libros dixitais, actividades con realidade aumentada, kahoot ou plickers para realizar actividades de repaso e avaliación, entre outros. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

Recursos espaciais: A propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, laboratorio de centro, aula de convivencia (para resolver aqueles conflitos que poidan xurdir), así como os diversos espazos da contorna.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao tratarse dunha materia de oferta obrigatoria para o centro educativo pero de libre elección para o alumnado, este pode acceder á materia mesmo sen tela cursado con anterioridade polo que non é preciso que acredite coñecementos previos.

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso mediante:

- Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información do desenvolvemento de cada alumno e alumna.
- Recollida de información nas entrevistas iniciais do profesorado coas familias ou a través dos titores, para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar...

A avaliación inicial vai dar unha idea das capacidades e as actitudes do alumnado co obxecto de adecuar o proceso de ensino-aprendizaxe á realidade das súas posibilidades.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	10	10	15	10	10	15	15	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A nota de cada avaliación calcularase da seguinte forma:

30% corresponderá a unha avaliación con táboas de indicadores sobre os coñecementos tal como se reflicte no punto 3.3 desta programación.

50% corresponderá ao traballo, tanto individual como en grupos, realizado polo alumnado e será medido a través de rúbricas e rexistros de control.

20% corresponderá a actitude ante a aprendizaxe que valorará a participación na aula e a implicación na materia.

No boletín a nota reflíctese cun número enteiro polo tanto se a nota supera as 5 décimas, redondearase ao número enteiro superior e no caso de que non chegue ás 5 décimas, o redondeo será ao enteiro inferior.

A avaliación será aprobada cun 5 despois do redondeo.

A nota da avaliación ordinaria calcularase facendo a media das notas reais (sen redondeo) das tres avaliacións que suporá o 90%.. O 10% restante corresponderá ás actividades que faga o alumnado no periodo de recuperación ampliación entre a terceira avaliación e a avaliación ordinaria. O redondeo farase igual que nas avaliacións trimestrais.

Criterios de recuperación:

Dado que o proceso de avaliación do alumnado é continuo, as dificultades serán detectadas con rapidez e se facilitará que o alumnado se poña ao día co traballo non realizado ou cos saberes non adquiridos. No caso de que a media das tres avaliacións non acadase a nota de 5 despois do redondeo, programarase traballo de recuperación encamiñado a que o alumnado suspenso supere as dificultades e poida aprobar o curso. O traballo corresponderá á parte non acadada e reflectirase na nova nota de avaliación que, á súa vez, fará media para a nota da avaliación ordinaria. No periodo entre a terceira avaliación e a avaliación ordinaria o traballo do alumnado será individualizado de xeito que os alumnado que necesite reforzo reciba axuda nas dificultades que teña e poida superalas e os alumnado que teña superadas as tres avaliacións realice actividades de ampliación de forma máis lúdica.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

De ser o caso de que o alumnado suspenso se matricule na asignatura o ano seguinte, a superación da materia nun curso superior, supón o aprobado, obtendo a mesma nota, no curso inferior.

No caso de que o alumno ou alumna non se matricule no curso seguinte na asignatura, elaborárase un plan de reforzo segundo o establece o artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade. O plan será personalizado e consistirá nun caderniño que o alumnado suspenso deberá ir contestando ao longo do curso. As respostas revisaranse con frecuencia para detectar os posibles problemas e realizar os axustes necesarios. A nota será a que corresponda tendo en conta que o caderniño avaliarase sobre 10 puntos.

6. Medidas de atención á diversidade

A Educación Secundaria Obrigatoria organízase de acordo cos principios de educación común e de atención á diversidade do alumnado. As medidas de atención á diversidade nesta etapa estarán orientadas a responder as necesidades educativas concretas do alumnado e ao logro dos obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria e a adquisición das competencias correspondentes e non poderán, en ningún caso, supoñer unha discriminación que lles impida alcanzar devanditos obxectivos e competencias e a titulación correspondente.

Nesta etapa prestarase unha atención especial á adquisición e o desenvolvemento das competencias e fomentárase a correcta expresión oral e escrita e o uso das matemáticas. A fin de promover o hábito da lectura, si no Plan Lector do centro aparece recollido, dedicarase un tempo á mesma na práctica docente desta materia.

A metodoloxía da materia de Relixión Católica terá en conta os principios do Deseño Universal para a Aprendizaxe para programar propostas didácticas compostas por prácticas de aprendizaxe, ensino e avaliación que contribúan a enriquecer o proceso de desenvolvemento integral do alumnado, promovendo o seu progreso no recoñecemento da tradición relixiosa e cultural da contorna familiar e social, na adquisición de actitudes, valores e crenzas necesarios para a súa vida persoal e en sociedade, no crecemento interior e proxecto vital, así como na expresión das súas propias emocións e experiencias de forma respectuosa e empática xerando contornas inclusivas e interculturais. Foméntanse así procesos pedagóxicos accesibles para todos pola diversidade de estratexias e recursos, de espazos e tempos, que se utilizan na aula e pola adaptación do currículo ás necesidades dos diferentes ritmos de aprendizaxe. No deseño das actividades desta materia terase en conta a flexibilidade do currículo, os contextos de ensino inclusivos, e a utilización de recursos accesibles para a adecuada resposta educativa a todos os alumnos concíbese a partir do principio de inclusión, entendendo que unicamente dese modo garántese o desenvolvemento de todos, favorécese a equidade e contribúese a unha maior cohesión social. A atención á diversidade é unha necesidade que abarca a todas as etapas educativas e a todos os alumnos. É dicir, trátase de contemplar a diversidade das alumnas e alumnos como principio e non como unha medida que corresponde ás necesidades duns poucos.

En cumprimento do artigo 52 da orde 8 de setembro 2021 de atención á diversidade, Elaborarase un plan específico personalizado para os alumnos que deban permanecer un ano máis no mesmo curso que incida nas dificultades detectadas no curso anterior.

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medidas ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se poñerán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias. Así, entre as medidas ordinarias hai que ter en conta á adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado. Por outro lado, levaranse a cabo reforzos educativos con aquel profesorado con dispoñibilidade horaria, ademais de programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que facilitará o traballo en equipo. Por último, en canto as medidas ordinarias hai que destacar o programa de enriquecemento curricular para aquel alumnado con altas capacidades. Por outra banda, entre as medidas extraordinarias podemos atopar: adaptacións curriculares, agrupamentos flexibles, apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, a flexibilización no período de escolarización, así como alumnado que no poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas ou unha atención educativa domiciliaria ou hospitalaria. Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes:

- Mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, resumos etc.
- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais. - Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais.
- Diseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, afondando nos coñecementos adquiridos.
- Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser as saídas a centros de culto, visitas a museos, exposicións, charlas formativas, etc.
- Establecer colaboracións con outras institucións (Igrexa, Concello, Deputación, organizacións sen ánimo de lucro) como poden ser o emprego dos materiais aportados por fundacións como Cáritas, Manos Unidas...
- Participar en plans e programas da Consellería de Educación e outras entidades, algúns exemplos pode ser o Plans Proxecta+, entre outros.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Formación estética	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación para a sostibilidade e o consumo responsable	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Ao traballar os mesmos descritores operativos que as demais materias, a materia de Relixión pode integrarse como una materia nos proxectos de interdisciplinariedade e o traballo por ámbitos. Nos propios saberes recóllese a relación de con outras disciplinas.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas culturais	Visita a centros de culto, centros de voluntariado, un museo, exposicións...	X	X	X

Observacións:

Mediante a realización de actividades complementarias e extraescolares preténdese conseguir os seguintes obxectivos:

- Ampliar o horizonte cultural do alumnado.
- Adquirir uns valores e actitudes que, como a tolerancia e o respecto, son fundamentais na convivencia.
- Fomentar a autonomía.
- Coñecer e familiarizarse con acontecementos culturais que habitualmente non se ofrecen nos medios de comunicación de masas.
- Conseguir mellorar as súas competencias básicas en contextos distintos.
- Complementar o currículo das diferentes áreas.
- Fomentar as inqedanzas culturais no alumnado e contribuír ao seu desenvolvemento mediante actividades lúdicas.
- Favorecer o desenvolvemento de temas transversais.
- Desenvolver no alumnado valores de liberdade, responsabilidade, solidariedade e espírito crítico, fomentando as súas habilidades sociais.

A Xefatura de Estudos, como responsable da observancia da disciplina no Centro, poderá excluír das actividades complementarias ou extraescolares ao alumnado que incumpra de forma grave as normas de convivencia do centro ou teña reiteración de faltas leves.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Idoneidade das actividades propostas para acadar as aprendizaxes
Metodoloxía empregada
Incorporación das novas tecnoloxías ao proceso de ensino-aprendizaxe
Eficacia dos procedementos e instrumentos de avaliación
Ofrecemento ao alumnado de forma rápida dos resultados das probas
Medidas de atención á diversidade
Adecuación do nivel de dificultade ás características do alumnado
Facilitación a cada alumna e alumno da axuda individualizada precisa
Atención adecuada á diversidade so alumnado
Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Combinación do traballo individual e en equipo de xeito eficiente
Información do proceso de ensino-aprendizaxe ao alumnado, persoa titora e familia
Implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación
Comunicación apropiada coa familia por parte do profesorado
Outros
Facilitación do proceso de visualización, revisión e integración dos erros cometidos

Descrición:

Ademáis dos citados indicadores de logro, poderase incluír:

Se a programación se axusta ao marco normativo curricular estatal e autonómico e ao currículo de Relixión; se a estrutura da situación de aprendizaxe inclúe todos os elementos formais; se está adaptada ás características do centro e do grupo; se vincula este curso co perfil de saída, os descritores operativos e obxectivos de cada etapa; se se tivo en conta a diversidade do alumnado en canto a capacidades, distintos niveis cognitivos, ritmos e estilos de traballo, habilidades, estilos de aprendizaxe; se se planificou a partir dos criterios de avaliación que establece o currículo utilizando en cada secuencia aqueles saberes que permitían progresar na adquisición da correspondente competencia específica; se tivo en conta os descritores operativos das competencias clave e buscou o diálogo curricular con outras materias; si é adecuada aos criterios de avaliación.

Se como profesor ou profesora reflexionei e avaliei a miña labor docente durante todo o desenvolvemento da situación de aprendizaxe, realizando modificacións (nas tarefas, nos contidos, na metodoloxía) cando foi necesario; se utilicei variadas ferramentas de avaliación ao longo da tarefa (rúbricas, observación, probas escritas ou orais); se tiveron en conta os criterios de cualificación acordados e difundidos e se estes criterios van referidos non só a resultados de probas senón ao logro de competencias.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Realizarase o seguimento a través da aplicación Proens, farase na medida do posible, ao remate de cada situación de aprendizaxe, asegurando que se completou ao finalizar o trimestre. Os datos recollidos no seguimento permitirán tomar decisións cara á programación do seguinte curso académico.

9. Outros apartados